



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA IMPARTIR XORNADAS DE SEGURIDADE VIARIA NA ESCOLA DE VERÁN 2024 E POÑER EN VALOR AS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE EN EXECUCIÓN E EN PROXECTO NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-424.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas, detectou a necesidade de realizar actuacións encamiñadas ao fomento da mobilidade sostible e mellora da seguridade viaria na estrada AC-424, pertencente á rede primaria complementaria de estradas de Galicia, no entorno do Couto, termo municipal de Ponteceso. Por esta razón licitou as obras de clave AC/19/073.06, que están en execución, para construír un itinerario peonil seguro e continuo na AC-424, pp.qq. 1+150-1+400. Con esta actuación perséguese un triplo obxectivo: mellorar a seguridade viaria na zona de circulación; mellorar de seguridade viaria nas marxes da estrada e dar continuidade ao itinerario peonil existente desde Ponteceso hasta el p.q. 1+140 da AC-424 pola súa marxe esquerda.

Esta actuación terá continuidade nunha segunda fase, cuxo proxecto está en elaboración, e que construírá dous novos treitos de senda peonil na AC-424. Un treito empezará no final do paseo de Ponteceso (p.q. 0+270) e rematará no inicio da nova senda que se está a construír no Couto (p.q. 1+150), discorrendo pola marxe esquerda. O outro treito unirá Corme Aldea con Corme, discorrendo entre os puntos quilométricos 6+630 (Corme Aldea) e 7+530 (inicio das beirarrúas de Ponteceso).

Estas actuacións pretenden modificar a conduta e os hábitos do usuario nos seus desprazamentos cotiáns, na procura dunha mobilidade máis sostible, respectuosa co medio ambiente e enerxéticamente eficiente, cunhas menores emisións de CO₂. Todo isto redundará na mellora da seguridade viaria para todos os usuarios da estrada, e especialmente aqueles máis vulnerables, como son os peóns e os ciclistas.



O Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 enmarcarse nas estratexias nacional e internacionais de seguridade viaria e na aplicación dos principios de "visión cero", redución de vítimas e falecidos por accidentes nas estradas galegas, e no principio de "sistema seguro", baseado en que os falecidos e feridos graves en accidentes de tráfico non son unha consecuencia inevitable da mobilidade. Este Plan incorpora como meta a redución do 25% dos falecidos e feridos graves con respecto aos usuarios vulnerables: peóns, ciclistas, usuarios de ciclomotor e motociclistas.

Un dos obxectivos do Plan de Seguridade viaria 2022-2025 é promover a educación e formación viaria ata acadar unha mellora no comportamento das persoas.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Fundación Eduardo Pondal ven organizando dende a súa creación escolas de verán que abranguen o ámbito xeográfico dos concellos de Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Malpica de Bergantiños e Carballo. A edición programada para o verán 2024 está orientada á seguridade vial e vai dirixida principalmente a mocidade de entre 12 e 16 anos. As actividades están pensadas e deseñadas para proporcionarlles unha cultura vial que inclúe estratexias de prevención, políticas de precaución e normas legais a través de coñecementos, destrezas, habilidades, hábitos, valores e actitudes, aplicables tanto como peóns, pasaxeiros ou futuros condutores.

Neste ano 2024 prodúcese a circunstancia singular de coincidir a actividade de sensibilización promovida pola fundación, coa obra que executa a Axencia Galega de Infraestruturas.

A colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación Eduardo Pondal, pode multiplicar os efectos positivos das respectivas iniciativas en favor da seguridade viaria e da mobilidade sostible, incidindo na adquisición de hábitos e actuacións positivas da mocidade nas estradas e na concienciación dos perigos aos que están expostos, considerándoo como un investimento nuns usuarios máis seguros, xa sexa como peóns ou como futuros condutores.



3.- Impacto económico

A Axencia Galega de Infraestruturas achega, con cargo á partida orzamentaria 08.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013-00003 un máximo de CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CINCO EURO (14.995€). Este importe non está suxeito ao IVE, posto que a *Fundación Eduardo Pondal* está exenta do IVE nos servizos prestados directamente aos seus membros, conforme ao Acordo do 19/07/2011 da Delegación da Coruña da Axencia Tributaria na que se recoñecía este dereito con efectos desde o 07/06/2011.

O orzamento queda desagregado do seguinte xeito

	Importe (€)
Camisetas e chalecos reflectores	3.300
Alugueiro de carpas protección solar	3.600
Baños portátiles	1.500
Gastos ocasionados por festa para as familias (grupo musical, tarima, son)	2.800
Mesas e bancos portátiles	1.245
Gratificacións monitores	2.550
TOTAL	14.995

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación Eduardo Pondal e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias

